**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 22.05.2023**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.08 h do 22.05.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Painceiras, Juana Barro Couto, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Ana Basoa Rioboo e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asisten: Juan José Franco Casal, María del Mar Piñeiro Otero (escusada por motivos laborais), Marta Pereiro Calvo (escusada por motivos laborais)e Antón Lois Noceda Carballo

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. Dación de conta do período medio de pago e morosidade correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2023**

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

**2. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de rectificación do inventario municipal**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do grupo Mixto municipal) e 2 abstencións do grupo municipal do Partido Popular:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Rectificación do inventario municipal
EXPTE: 2023/X999/000230

En data 05.08.2022 subscribiuse un convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene para cofinanciar a adquisición de inmobles para interese público.
Neste convenio a Deputación Provincial comprométese a financiar a adquisición con 248.000 euros, establecéndose dous aboamentos que se fan depender dunha serie de xustificacións.
A primeira das xustificacións para o cobro con carácter prepagable do 40% do financiamento xa foi feita polo Concello.
O 60% restante faise depender da presentación dunha serie de documentación, entre a que está un certificado de incorporación dos bens ao inventario.

O pasado 15.02.2023 formalizaouse mediante escritura de compravenda núm. 141 do asinada ante o notario de Fene Luis Bosch Segura a adquisición polo Concello de Fene a Parque de Fene, SL dos inmobles de referencias catastrais 7941320NJ6174S0002TB (semisoto dous) e 7941320NJ6174S0003YZ (semisoto un) sitos no edificio ubicado na Avda. Naturais de Fene, esquina a Camiño da Casa Nova, 2 e Rúa Tras do Cádavo, 11.

A secretaria municipal emitiu un informe-proposta núm. 57/2023 do 10 de maio que di:

"1.-Segundo o artigo 17 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais (RBEL) as Corporacións Locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e forma de adquisición, obriga que tamén aparece recollida no artigo 32 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das



C.I. F.: P-1503600-G
FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: JaObcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Administracións Públicas (LPAP), en cuxo artigo 28 se establece a obriga das Administracións Públicas de protexer e defender o seu patrimonio procurando a súa inscrición rexistral.
Os artigos 18 a 30 RBEL determinan os datos a consignar no inventario e a súa xestión.
O artigo 33.1 da citada norma regula a rectificación anual do inventario, na cal se deberán reflectir as vicisitudes de toda índole durante esa etapa, rectificación que, en todo caso, non impide as posibles rectificacións ás que se poida proceder mediante acordos puntuais.

2.-O inventario debe ser autorizado polo secretario da Corporación co visto bo da alcaldía, debendo ser enviada unha copia do mesmo e as súas rectificacións á Admón. xeral e autonómica.

3.-É competencia plenaria a aprobación do inventario formado, da súa rectificación e comprobación como dispón o artigo 34 do RBEL, debendo o acordo ser adoptado por maioría simple (art. 47.1 LBRL).

4.-Conforme aos antecedentes citados, sen prexuízo de que existan máis bens pendentes do seu inventario e que poderán xestionarse mediante a oportuna rectificación anual, cómpre adiantar a rectificación derivada da adquisición feita en data 15.02.2023 coa finalidade de que se obteña o último aboamento da financiación provincial (xa que se exixe certificación da incorporación a o inventario) e se poida pagar o montante da compravenda aos vendedores.

En base ao que antecede, procede facer as seguintes rectificacións no **Epígrafe 1º Bens Inmobles, Grupo 1**:

A) Dar de alta o asento 49 do seguinte xeito:

- **Asento 49:**

NOME DO BEN: Dependencias municipais en Tras do Cádavo-Semisoto 2
ENDEREZO:Tras do Cádavo, 11
DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)
NATUREZA: URBANA
NATUREZA DO DOMINIO: demanial
ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura de compravenda núm. 141 do 15.02.2023
PLANOS DO INVENTARIO Nº:
REFERENCIA CATASTRAL: 7941320NJ6174S0002TB
REXISTRO DA PROPIEDADE DE PONTEDEUME: Tomo 770 Libro 159 Folio 98 Finca 14311
LINDES: a súa fronte é a rúa Tras do Cádavo y visto dende esta: fronte, a dita rúa; espalda e dereita, camiño Casa Nova; e esquerda, viario público peonil.
SUPERF. ÚTIL: 791 m2
SUPERF. PARCELA/VIAL: 791 m2
VALOR: 150.000 € (declarado)
HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:
O local foi adquirido mediante financiamento da Deputación Provincial para ampliación das instalacións do Concello quedando afectado ao dito uso cando menos durante 10 anos.

B)Dar de alta o asento 50 do seguinte xeito:

- **Asento 50**

NOME DO BEN: Dependencias municipais en Tras do Cádavo-Semisoto 1
ENDEREZO:Tras do Cádavo, 11
DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)
NATUREZA: URBANA
NATUREZA DO DOMINIO: demanial
ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura de compravenda núm. 141 do 15.02.2023
PLANOS DO INVENTARIO Nº:
REFERENCIA CATASTRAL: 7941320NJ6174S0003YZ
REXISTRO DA PROPIEDADE DE PONTEDEUME: Tomo 770 Libro 159 Folio 102 Finca 14312
LINDES: a súa fronte é a rúa Tras do Cádavo y vista dende esta: fronte, a dita rúa; espalda e dereita, camiño Casa Nova; e esquerda, viario público peonil.
SUPERF. ÚTIL: 814,66 m2
SUPERF. PARCELA/VIAL: 814,66 m2
VALOR: 160.000 € (declarado)
HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

C.I. F.: P-150 360 0-G

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: JaObcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O local foi adquirido mediante financiamento da Deputación Provincial para ampliación das instalacións do Concello quedando afectado ao dito uso cando menos durante 10 anos.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a rectificación do inventario municipal nos termos propostos neste informe.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Este é o informe que se emite sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.”

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Dar de alta no inventario municipal os asentos 49 e 50 do **Epígrafe 1º Bens Inmobles, Grupo 1 do seguinte xeito:**

- **Asento 49:**

NOME DO BEN: Dependencias municipais en Tras do Cádavo-Semisoto 2
ENDEREZO:Tras do Cádavo, 11
DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)
NATUREZA: URBANA
NATUREZA DO DOMINIO: demanial
ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura de compravenda núm. 141 do 15.02.2023
PLANOS DO INVENTARIO Nº:
REFERENCIA CATASTRAL: 7941320NJ6174S0002TB
REXISTRO DA PROPIEDADE DE PONTEDEUME: Tomo 770 Libro 159 Folio 98 Finca 14311
LINDES: a súa fronte é a rúa Tras do Cádavo y visto dende esta: fronte, a dita rúa; espalda e dereita, camiño Casa Nova; e esquerda, viario público peonil.
SUPERF. ÚTIL: 791 m2
SUPERF. PARCELA/VIAL: 791 m2
VALOR: 150.000 € (declarado)
HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:
O local foi adquirido mediante financiamento da Deputación Provincial para ampliación das instalacións do Concello quedando afectado ao dito uso cando menos durante 10 anos.

- **Asento 50**

NOME DO BEN: Dependencias municipais en Tras do Cádavo-Semisoto 1
ENDEREZO:Tras do Cádavo, 11
DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)
NATUREZA: URBANA
NATUREZA DO DOMINIO: demanial
ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura de compravenda núm. 141 do 15.02.2023
PLANOS DO INVENTARIO Nº:
REFERENCIA CATASTRAL: 7941320NJ6174S0003YZ
REXISTRO DA PROPIEDADE DE PONTEDEUME: Tomo 770 Libro 159 Folio 102 Finca 14312
LINDES: a súa fronte é a rúa Tras do Cádavo y vista dende esta: fronte, a dita rúa; espalda e dereita, camiño Casa Nova; e esquerda, viario público peonil.
SUPERF. ÚTIL: 814,66 m2
SUPERF. PARCELA/VIAL: 814,66 m2
VALOR: 160.000 € (declarado)
HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:
O local foi adquirido mediante financiamento da Deputación Provincial para ampliación das instalacións do Concello quedando afectado ao dito uso cando menos durante 10 anos.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Juventino José Trigo Rey“

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade do/as concelleiro/as presentes.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: Ja0bcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**PRIMEIRO.-Dar de alta no inventario municipal os asentos 49 e 50 do Epígrafe 1º Bens Inmobles, Grupo 1 do seguinte xeito:**

- **Asento 49:**

**NOME DO BEN: Dependencias municipais en Tras do Cádavo-Semisoto 2**
**ENDEREZO:Tras do Cádavo, 11**
**DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)**
**NATUREZA: URBANA**
**NATUREZA DO DOMINIO: demanial**
**ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura de compravenda núm. 141 do 15.02.2023**
**PLANOS DO INVENTARIO Nº:**
**REFERENCIA CATASTRAL: 7941320NJ6174S0002TB**
**REXISTRO DA PROPIEDADE DE PONTEDEUME: Tomo 770 Libro 159 Folio 98 Finca 14311**
**LINDES: a súa fronte é a rúa Tras do Cádavo y visto dende esta: fronte, a dita rúa; espalda e dereita, camiño Casa Nova; e esquerda, viario público peonil.**
**SUPERF. ÚTIL: 791 m2**
**SUPERF. PARCELA/VIAL: 791 m2**
**VALOR: 150.000 € (declarado)**
**HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:**
**O local foi adquirido mediante financiamento da Deputación Provincial para ampliación das instalacións do Concello quedando afectado ao dito uso cando menos durante 10 anos.**

- **Asento 50**

**NOME DO BEN: Dependencias municipais en Tras do Cádavo-Semisoto 1**
**ENDEREZO:Tras do Cádavo, 11**
**DATA DA ALTA: (consignarase a data do Pleno no que se dea de alta)**
**NATUREZA: URBANA**
**NATUREZA DO DOMINIO: demanial**
**ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura de compravenda núm. 141 do 15.02.2023**
**PLANOS DO INVENTARIO Nº:**
**REFERENCIA CATASTRAL: 7941320NJ6174S0003YZ**
**REXISTRO DA PROPIEDADE DE PONTEDEUME: Tomo 770 Libro 159 Folio 102 Finca 14312**
**LINDES: a súa fronte é a rúa Tras do Cádavo y vista dende esta: fronte, a dita rúa; espalda e dereita, camiño Casa Nova; e esquerda, viario público peonil.**
**SUPERF. ÚTIL: 814,66 m2**
**SUPERF. PARCELA/VIAL: 814,66 m2**
**VALOR: 160.000 € (declarado)**
**HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:**
**O local foi adquirido mediante financiamento da Deputación Provincial para ampliación das instalacións do Concello quedando afectado ao dito uso cando menos durante 10 anos.**

**3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de aprobación da segunda prórroga do contrato de servizo de axuda no fogar**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego):

“ **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

O 04.11.2021 o Pleno do Concello de Fene acordou adxudicar o contrato de Servizos de Axuda no Fogar á mercantil Samaín Servizos á Comunidade S.A. O 10.12.2021 formalizouse o contrato en virtude do cal a contratista se comprometía a executar o contrato con estrita suxeición ás características do mesmo e dentro dos prazos sinalados, así como a posibilidade da súa prórroga, entrando o contrato en vigor o 01.01.2022.



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: JaObcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
C.I. F: P-150 360 0-G

O 22.06.2022 (RXE 202299900001654) a empresa contratista manifestou o seu desexo de non prorrogar o contrato debido ás especiais dificultades coas que se está a atopar.

O 06.10.2022 o Pleno do Concello de Fene acordou aprobar a prórroga do dito contrato por un prazo máximo de seis (6) meses, baixo a seguinte condición "á vista da solicitude de renuncia presentada pola empresa contratista, a prórroga acordada poderá finalizar con anterioridade de resultar un novo adxudicatario da licitación en tramitación, sendo a súa duración, polo tanto, dende o 01.01.2023 ata a entrada en vigor do novo contrato que se formalice".

O Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do 01.12.2022 acordou modificar o contrato vixente en canto ao seu prezo hora para a adaptalo á revisión salarial estipulada no convenio colectivo, formalizándose a dita modificación o 09.12.2022.

En data 04.12.2022 o Concello publicou anuncio de licitación, presentándose dous recursos que foron estimados polo TACGAL fronte aos pregos da licitación, acordando "1. Estimar os recursos interpostos, respectivamente, pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (recurso 236/2022) e pola ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE AXUDA NO FOGAR - AGESAF- (recurso 238/2022) contra os pregos da contratación dun servizo de axuda no fogar do Concello de Fene, expediente 2022/C004/000004 dese Concello. 2. Levantar as suspensións acordadas no seu día. 3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución."

En virtude do que antecede, o Concello no Pleno do 02.02.2023 acordou:

**"PRIMEIRO.-Executar a Resolución 13/2023 do TACGAL pola que se anulan as magnitudes económicas da licitación do servizo de axuda no fogar e, por tanto, en aplicación do artigo 57 LCSP, o acordo adoptado en sesión do 01.12.2022 de aprobación do expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo "AXUDA NO HOGAR", ordenando a retroacción do procedemento ao momento anterior á adopción deste acordo, ao obxecto de que se enmienden as deficiencias que foron obxecto de anulación polo TACGAL e fágase unha nova convocatoria previa aprobación do expediente emendado.**

**SEGUNDO.-Publicar este acordo no perfil do contratante e no Diario Oficial da Unión Europea.**

**TERCEIRO.-Notificar este acordo aos licitadores**

**CUARTO.-Dar traslado deste acordo ao TACGAL"**

O prazo de vixencia do contrato logo da primeira prórroga acordada finaliza o 30.06.2023 e sendo previsible uns meses de tramitación da nova licitación, ao tratarse dun contrato de regulación harmonizada, faise preciso acordar unha nova prórroga do contrato que dea cobertura ao servizo en tanto se substancia esta nova licitación.

A cláusula cuarta do contrato vixente establece: *"Cuarta. A duración do contrato é de un (1) ano prorrogable, por acordo expreso do órgano de contratación, por un ano máis (1+1), entrando en vigor o 01.01.2022"*

O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece: "*2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley.*

*La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor.*

*Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.*

*En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes.*

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: JaObcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
C.I.F.: P-1503600-G

*La prórroga del contrato establecida en este apartado no será obligatoria para el contratista en los casos en que en el contrato se dé la causa de resolución establecida en el artículo 198.6 por haberse demorado la Administración en el abono del precio más de seis meses."*

Tendo en conta a necesidade do Concello de Fene de continuar ofrecendo un servizo de axuda a domicilio ás persoas que o precisan, co obxectivo de promover a súa independencia e autonomía persoal e a finalidade de lograr o mantemento destas persoas na súa propia contorna e mellorar a súa calidade de vida, esta alcaldía considera oportuno propoñer ao Pleno, como órgano de contratación deste contrato, a aprobación dunha prórroga por seis (6) meses máis, nas mesmas condicións que o actual contrato, con obxectivo de asegurar a continuidade do servizo, dende a finalización da actual prórroga.

Un preaviso desta nova prórroga foi notificado de forma presencial á representante do contratista o día 28.04.2023, quen rexeitou recepcionar a notificación, dándose por realizado o trámite en aplicación do previsto no artigo 41.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 29 LCSP, o Pleno municipal é o órgano competente para adoptar este acordo, ao tratarse do órgano de contratación conforme á DA 2ª LCSP, polo que esta alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar unha segunda prórroga do contrato vixente de xestión do servizo de axuda no fogar do Concello de Fene asinado coa mercantil Samaín Servizos á Comunidade, SA o 10.12.2021, por un prazo máximo de seis (6) meses a contar dende a finalización da primeira prórroga acordada, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, baixo as seguintes condicións:

-á vista da solicitude de renuncia presentada pola empresa contratista, a prórroga acordada poderá finalizar con anterioridade de resultar un novo adxudicatario da licitación en tramitación, sendo a súa duración, polo tanto, dende o 30.06.2023 ata a entrada en vigor do novo contrato que se formalice.

Segundo. Notificar ao contratista a aprobación da prórroga, con indicación dos recursos pertinentes.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado á intervención municipal.

En Fene, asinado dixitalmente polo alcalde, Juventino José Trigo Rey.

Proposta informada favorablemente pola secretaría municipal ao resultar conforme co artigo 29 LCSP e a cláusula 4ª dos pregos de cláusulas administrativas que rexen o contrato.

Asinado dixitalmente pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas"

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple logo de obter 7 votos a favor (5 do grupo do BNG, 1 do grupo Socialista e 1 do grupo Mixto) e 6 abstencións (5 do grupo do PP e 1 da concelleira do BNG Cristina García Moroño).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro.- Aprobar unha segunda prórroga do contrato vixente de xestión do servizo de axuda no fogar do Concello de Fene asinado coa mercantil Samaín Servizos á Comunidade, SA o 10.12.2021, por un prazo máximo de seis (6) meses a contar dende a finalización da primeira prórroga acordada, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, baixo as seguintes condicións:**

**-á vista da solicitude de renuncia presentada pola empresa contratista, a prórroga acordada poderá finalizar con anterioridade de resultar un novo adxudicatario da licitación en tramitación, sendo a súa duración, polo tanto, dende o 30.06.2023 ata a entrada en vigor do novo contrato que se formalice.**

**Segundo. Notificar ao contratista a aprobación da prórroga, con indicación dos recursos pertinentes.**

**Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado á intervención municipal.**



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: JaObcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
C.I F: P- 150 360 0-G

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: JaObcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

C.I.
F.:
P-
150
360
0-G

**4. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego):

“**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

O Concello de Fene precisa contratar o servizo de axuda no fogar á vista da renuncia presentada pola actual licitadora e o acordo de prórroga ata nova adxudicación aprobado polo Pleno.

Conforme ao artigo 116.4 LCSP xustifícanse os seguintes extremos desta contratación:

a)A elección do procedemento de licitación: tramitarase mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada ao tratarse dun contrato de servizos de valor estimado superior aos 750.000 euros de conformidade co esixido no artigo 22 e 159 LCSP.

b) A solvencia deberá acreditarse conforme ao previsto nos artigos 86 e ss LCSP.

c) Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo: os criterios de adxudicación son proxecto do servizo, certificado de calidade, prezo e melloras técnicas sen custe para a administración.

Con estes criterios búscase unha mellor relación calidade-prezo, incorporando criterios sociais relacionados co obxecto do contrato ao valorarse a maior ratio de persoal na prestación do servizo e un plan de conciliación, estabilidade e melloras laborais por riba das mínimas esixidas no convenio colectivo de aplicación.

Como condicións especiais de execución requírese que o contratista observe:

- as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.
-as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de Riscos Laborais.

d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen: constan desagregados como anexo dos pregos de prescricións técnicas.

e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional: con este servizo preténdese dotar do funcionamento necesario ao servizo de axuda no fogar tanto na súa modalidade de dependencia como básico no exercicio das competencias municipais previstas na Lei de servizos sociais de Galicia.

f) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso: de conformidade co artigo 99 LCSP non procede a división en lotes do obxecto do contrato porque a realización independente das prestacións dificultaría a correcta execución deste dende o punto de vista técnico.

A tramitación do expediente de contratación do contrato servizo de “axuda no fogar” finalizou, unha vez incorporados os pregos de cláusulas administrativas, prego de prescricións técnicas e anexos do contrato, informe favorable de secretaría 56/2023 do 08.05.2023, certificado de existencia de crédito e informe de fiscalización favorable da intervención municipal do 09.05.2023.

Considerando, que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación polo Pleno da Corporación de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, **por parte desta alcaldía proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo "AXUDA NO FOGAR"

Segundo.- Autorizar pola contía de 615934,29 € (previsión de 6 meses ano 2023), con cargo á aplicación orzamentaria 231/22798 do orzamento en vigor.

Terceiro.- Acordar a apertura do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con varios criterios de adxudicación para que no prazo de 30 días naturais contados dende o data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple logo de obter 7 votos a favor (5 do grupo do BNG, 1 do grupo Socialista e 1 do grupo Mixto) e 6 abstencións (5 do grupo do PP e 1 da concelleira do BNG Cristina García Moroño).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación do servizo "AXUDA NO FOGAR"**

**Segundo.- Autorizar pola contía de 615934,29 € (previsión de 6 meses ano 2023), con cargo á aplicación orzamentaria 231/22798 do orzamento en vigor.**

**Terceiro.- Acordar a apertura do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con varios criterios de adxudicación para que no prazo de 30 días naturais contados dende o data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.**

As intervencións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**f8e0c7c5b4fb642730ba0779af9feff434549308f3fb7f384713ef78f8c20913**
**94c602c23d135935b61f4978f729a660afb24a2c78728cfa38c365493f6003cc**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.23 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:20:00)
Versión imprimible
CVD: JaObcwVeI63JCNVjPY+W
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.